

Do Lusco-fusco

X. Alberte Corral Iglesias, coñecido poeta —*Palavra e memoria, Acarom da brêtema*,— iníciase no relato co seu libro *Do lusco-fusco* editado recentemente pola Editorial Baía. Nas páxinas deste libro achamos historias que tomamos como acontecementos do noso contorno, en moitos casos historias acontecidas na *longa noite de pedra*. Neste mañuzo de contos exprésanse as xentes próximas, os compañeiros de traballo, os compinches de xolda, os coñecidos. Abonda ollar con interese e un chisco de amor para encontrar en calquera existencia humana unha riqueza existencial, lonxe da retórica dos señoritos, incapacitados para nola mostrar. Certes, a prosa narrativa está suxeita á historia, á historia que se conta ao seu servizo e ao dos personaxes.

Relatos preto do chamado realismo máxico alternan neste libro con

outros de fasquía irónica, nos que a agresividade individual se presenta como un accidente da violencia acochada, permanente e estrutural que define todo poder. É ben sabido que o interese do conto radica na narración en si mesma, nesa necesidade de se expresár, de dicir, da que a escrita de Corral Iglesias, rexa e amantiña, é un paradigma.

Se o estilo é definidor de todo escritor, algúns relatos do *Do lusco-fusco* mostran que a fidelidade do autor coa tradición de contar galega cadra ben coa orixinalidade doutros relatos do mesmo libro. Así, a presenza da natureza coa súa profusión de vida, tal como se relata no fermosísimo conto do val e da reboronda a onde a morte —o andazo do eucalipto— non deu aínda chegado, achega un bocado de bris e de frescor e un poderoso alegato para a defensa da biodiversidade nesta

Galicia onde os usureiros e mesquiños son loados como próceres por xentíñas ben retratadas noutros relatos do libro; pero o pan e o traballo segue a procurarse en terra allea. O mundo da emigración é tema presente en moitos relatos: vidas de emigrantes que o autor sitúa alén mar e así mesmo en cidades europeas. É o etnocidio da emigración que fai de nós, os galegos, un pobo en diáspora permanente.

Aínda que o narrador se presenta en moitos dos relatos, temos noticias do mundo a través das conversas e das accións dos personaxes, ficando sempre o autor ao cote tentando mostrar o que acontece con belixerancia contra a crueldade e a estulticia. Ás veces esquecese que a realidade é visible só cando é ollada polo poeta, e é así como estes contos veñen alumar cara a unha época, a da victoriosa Cruzada Nacional, na que o cotián de moita xente, particularmente dos pobres, era a miseria en silencio da que finalmente non se acada a ver o desenlace; segue aí, en

pé. A escolla lexical do autor é ricaz, pero é o acento persoal do escritor o que dá a expresividade e a plasticidade precisa para achegar ao lector a vida dos protagonistas.

A variedade de rexis-tros e capacidade do autor para prender o lector concorren para amosar esa mestura de tristura e piedade da que a ironía non está endexamais ausente.

Por estes relatos decorar a vida plural e múltipla de homes e mulleres cos soños amais das cicatrices que todos portamos.

A valentía de Edicións Baía ao editar un libro escrito na normativa ortográfica da AGAL non é un feito abondoso no noso mundo literario. Este aceno de abrir as xanelas para que entre a luz da realidade en que se acha a escrita en galego contribuír á pescuda de saídas concordes cos distintos puntos de vista existentes galega.

